




PARADANTA 2 (SUR)

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2022



Distancia: 10 km (ida e volta)

Dificultade: media



Monte e capela de San Fins



Os montes da Paradanta son o remate da Dorsal Galega no sur, cunha orientación N-S que vai perdendo altura cara ao val do río Miño. O punto máis alto é Chan do Rei con 954 m.

Unha visita a esta serra ten un enorme interese natural, paisaxístico e etnográfico.



Coto da Edreira e San Fins

PERCORRIDO

De San Fins ao Chan do Rei

Achegámonos á serra polo sur, e tanto vindo desde Arbo como desde As Neves, cando chegamos á rotonda da Barcela veremos un indicador de Miradoiro de San Fins e seguindo a dirección que sinala, ese e outros que iremos atopando, por unha estrada estreita, toda curvas e en subida que, pasando por Cabeiras e a Espedregada, vai ata Vilar, mais cando imos chegar á entrada do lugar de Vilar, temos un desvío á esquerda, con sinais ilexibles, polo que subimos ata o pé da **capela de San Fins** (en total uns 7 km). A capela de San Fins é unha sinxela construción que coroa un alto desde o que temos unhas fermosas panorámicas da contorna do Val do Miño, cara ao sur, do val do río Termes e o monte de San Nomedio, cara ao oeste, ao leste, o val do río Cal, e da serra e de gran parte do camiño que temos que seguir, cara ao norte. Como ao pé da capela remata a estrada e non hai moito sitio para deixar o coche é mellor baixalo ata onde sae a pista de servizo do parque eólico, onde temos un espazo máis amplo e comezar alí a camiñada. Seguindo, o máis polo dereito posible, a dirección dos cumes máis altos, para iso aproveitamos algún tramo da pista do parque eólico, os camiños do gando e os cortalumes, facemos un traxecto que segue a linde entre os concellos de As Neves e Arbo que teñen a liña de cumes da serra como fronteira. Así pasamos ao pé do **Coto da Moza** e o cume do **Coto Branco** para enfrontarnos logo ao tramo de máis pendente, uns 200 m de desnivel, que subimos por un cortalumes para chegar ao cume do **Chan do Padrón**, desde onde xa descubrimos o pouco que nos queda para chegar ao **Chan do Rei**, o cume da serra con 954 m de altura, unha subida curta e ben levadeira ata onde se atopa o vértice xeodésico punto onde os concellos de Arbo e As Neves conflúen co da Caniza. No Chan do Rei, desde onde vemos diante o Coto da Vella e os puntos máis sobresaíntes da metade norte, podemos dar por rematado o percorrido, mais tamén podemos seguir alongando o camiño un pouco por diante e baixar ao curro e as mámoas do **Chan do Marco** e dar alí a volta para o que non é preciso volver a subir ao Chan do Rei se non que pola pista da esquerda, a que o rodea polo oeste, que percorrendo a mesma distancia e por un traxecto máis doado nos achegamos ao **Lombo da Trabe** e as **nacente do río Termes**, para volver ao camiño da ida ao pé do cume do Chan do Padrón. Non nos libramos da baixada polo cortalumes pero xa é o derradeiro esforzo que logo culmina no punto de partida.

Cun pouco máis de tempo pódese facer unha travesía da serra entre San Fins e A Franqueira, pouco máis de 10 km lineais.



A Espiñeira



Coto da Edreira e San Fins

Panorámica da serra desde San Fins: no centro o Chan do Padrón, a dereita a Espiñeira e á esquerda o Lombo da Trabe






Nacentes
do río Cea



Chan do Padrón



Chan do Padrón



San Felipe



Panorámica cara ao sur desde o Chan do Padrón na que se poden apreciar, á dereita, o Coto Branco, á esquerda, o alto de San Fins, máis abaixo o Coto da Edreira e, ao fondo, o val do Miño



Chan do Padrón



O Chan do Rei, o cume da serra, desde o Chan do Padrón



As Becerreiras, os pasteiros do Lombo da Trabe, ao fondo o Chan do Rei



Lombo da Trabe,




Lombo da Trabe e Becerreiras




Vacas nos pasteiros das brañas




Nacentes do río Termes



Herba da prata, ouca (*Ranunculus peltatus*)



Anemone trifolia albida



Liques